Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

Rfa.: SL/SL(20210810_lei mellora xestión auga.docx)

Neste órgano recibiuse petición de informe sobre o anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga por REXEL o 27/07/2021.

O obxecto desta regulación segundo o artigo 1 do anteproxecto é o establecemento dun marco normativo que regule a política da xestión do ciclo integral da auga na Comunidade Autónoma de Galicia (CAG, en adiante), así como regular o seu sistema de financiamento, baseado en dous canons, o canon de xestión de depuradoras e o canon de xestión de redes de colectores. Establécese ademais un terceiro canon, o canon de xestión de abastecementos, destinado á financiación dos gastos de explotación, conservación, mantemento e mellora das infraestruturas de abastecemento que xestione Augas de Galicia. Por último, mediante a disposición derradeira primeira, modifícase a lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia coa finalidade de introducir unha serie de modificacións do canon da auga regulado nela.

Examinado o texto do anteproxecto así como a memoria xustificativa e máis a memoria económica, cómpre facer as seguintes observacións:

OBSERVACIÓN PREVIA

Cómpre sinalar que un dos obxectos da lei 9/2010, segundo a letra c) contida no apartado 1 do seu artigo primeiro é precisamente ordenar o ciclo integral da auga de uso urbano e establecer as bases para unha xestión eficiente dos servizos de abastecemento, saneamento e depuración, e outra das finalidades da lei, segundo a letra e) contida no apartado 1 do seu artigo primeiro, é establecer o réxime económico-financeiro da auga en Galicia ao obxecto de preservar, protexer e mellorar o recurso e o medio hídrico.

Por outro lado, o anteproxecto examinado contén no seu artigo segundo unha serie de definicións que teñen relación coas definicións contidas no artigo segundo da

Xacobeo 21·22

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

lei 9/2010. Delas, cómpre remarcar as letras a), b), c), d) e e), que conteñen as definicións de ciclo integral da auga, dos elementos que forman parte da xestión do ciclo integral da auga, da xestión do ciclo integral da auga, dos servizos vinculados e dos usuarios do ciclo da auga respectivamente, e que deben poñerse en relación co contido do número 16 do artigo 2 da lei 9/2010, no que se define o ciclo da auga e contén a descrición dos seus elementos, así como co contido nos números 32 (redes básicas de abastecemento), 36 (servizos relacionados coa auga), 37 (sistema público de saneamento e depuración de augas residuais) e 45 (persoas usuarias da auga) do mesmo artigo. Cómpre tamén remarcar a necesidade de compaxinar o disposto nas letras k), l) e m) respecto ás augas residuais urbanas, domésticas e non domésticas coas definicións contidas no artigo 2 da lei 9/2010 nos seus números 41, 42, 43 e 44 respecto dos usos das augas cualificados como domésticos e non domésticos para *que non existan inconsistencias entre eles*, sendo ademais que a cuantificación da carga tributaria vai depender destes conceptos.

O anteproxecto regula no seu Título I as disposicións xerais da xestión do ciclo da auga, no seu Título II as medidas para a mellora do ciclo integral da auga e da prestación dos servizos e no seu Título III o sistema de financiamento da xestión do ciclo integral da auga.

Pola súa banda, a lei 9/2010 regula no seu Título III o abastecemento de poboacións e o saneamento e depuracións das augas residuais (artigo 24 ao artigo 39) e precisamente nun dos seus artigos, o artigo 33 en concreto, regúlase a asunción da xestión e explotación de infraestruturas de abastecemento e depuración e a súa forma de financiación remitíndose a unha norma regulamentaria. E o Título IV da lei 9/2010 contén a regulación da política da recuperación dos custes dos servizos (artigo 40 ao artigo 74), desenvolvéndose en catro capítulos, o primeiro coas disposicións comúns ao réxime económico-financeiro, o segundo, co canon da auga, o terceiro co coeficiente de verquido e o cuarto coas infraccións e sancións tributarias.

O anteproxecto de lei derroga o coeficiente de verquido e crea os tres canons xa citados. O canon de xestión de depuradoras e o canon de xestión de redes de

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

colectores comparten elementos comúns co canon da auga, que están regulados na lei 9/2010 e que cómpre reproducir neste anteproxecto. As disposicións adicionais segunda, cuarta e sexta remítense á lei 9/2010 para a acreditación do número de persoas, a condición de familia numerosa e a acreditación dos riscos de exclusión social, para as definicións do artigo 2 e para a aplicación do réxime sancionador tributario. A derrogación do coeficiente de verquido se materializa mediante a derrogación do capítulo III do Título IV da lei 9/2010; no entanto, non se modifica a redacción dos artigos 40 e 41, que conteñen mencións ao coeficiente de verquido e ao réxime de financiamento dos servizos relacionados co ciclo da auga, disposicións que quedarán orfas na lei 9/2010, ao non conterse nela as figuras que gravan os servizos relacionados co ciclo da auga.

Por todo isto, consonte co principio de seguridade xurídica e de claridade das normas para os cidadáns, parece máis adecuado promover unha lei que modifique a lei 9/2010 na que se introduzan todos os aspectos regulados neste anteproxecto, en lugar de promover unha lei diferenciada da lei 9/2010, de xeito que nunha única lei, a lei 9/2010, se conteñan tódalas disposicións asociadas ao abastecemento, saneamento e a depuración das augas residuais e ao seu financiamento; cando menos, o réxime económico-financeiro asociado á auga debería estar contido nunha única lei, xa que o feito de compartir definicións e elementos da estrutura tributaria aconsella que non se repliquen en normas diferentes os mesmos conceptos co obxecto de evitar desaxustes futuros entre as dúas normas. Esta razón foi a que, no seu momento, fixo que o coeficiente de verquido se incluíra na lei 9/2010, en lugar de incluírse na lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras, lei que contén tódalas taxas de aplicación na CAG. Deste xeito, de descartarse a opción de incluír as figuras tributarias creadas nesta lei na propia lei 9/2010, deberían incluírse, como se fai en todos os casos de establecemento de taxas, na lei 6/2003.

En última instancia, de manterse a lei dun xeito independente á lei 9/2010, e se se descartara a inclusión dos tributos que se crean nesta lei mediante a modificación do Título IV da lei 9/2010 e a súa inclusión nel ou na lei 6/2003, cómpre sinalar o

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

seguinte:

a) Cómpre incluír na letra e) do artigo 2 ás entidades do artigo 35.4 LXT, ao igual que están incluídas no número 45 do artigo 2 da lei 9/2010.

   Por outra banda, tal e como sinalabamos máis arriba cumpriría poñer en relación as definicións contidas no artigo 2 do anteproxecto coas contidas no artigo 2 da lei 9/2010, para evitar posibles diferenzas.

   Ademais entendemos aconsellable incluir no propio artigo 2 do anteproxecto o contido da disposición adicional cuarta.

b) Todos aqueles conceptos, elementos e estruturas que teñan que empregarse para a configuración dos canons e que son compartidos co canon da auga, deberían introducirse na lei mediante *referencia aos conceptos, elementos e estruturas contidos na lei 9/2010*, para evitar futuros desaxustes ou inconsistencias cando se introduzan modificacións neles.

c) Debería revisarse a redacción dos artigos 40 e 41 da lei 9/2010 para que non pervivan nel disposicións inconsistentes, baleiras ou orfas trala eliminación da lei 9/2010 dos recursos tributarios de financiamento dos servizos relacionados co ciclo da auga.

OBSERVACIÓNS AO TEXTO DO ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA

Nesta lei créanse tres novos tributos con natureza de taxas: o canon de xestión de depuradoras, o canon de xestión de redes de colectores e o canon de xestión de abastecementos e se derroga o coeficiente de verquido regulado na lei 9/2010. Por outra banda, acométense unha serie de modificacións do canon da auga. Reiteramos a conveniencia de que os tres tributos se introduzan no Titulo IV da lei 9/2010. No entanto, para o caso de que non se decidira modificar a lei 9/2010 no sentido sinalado, realizamos as seguintes observacións:

Xacobeo 21·22

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

Creación e aplicación de taxas

O anteproxecto de lei contén a creación de tres figuras que van gravar a prestación de determinados servizos por parte da administración hidráulica da CAG, en concreto, por parte da entidade pública empresarial Augas de Galicia. Consonte co texto informado, Augas de Galicia xestionará infraestruturas de abastecemento, saneamento ou depuración que formen parte do ciclo integral da auga e prestará os servizos asociados á súa explotación, colaborando coas entidades locais coa finalidade de garantir o subministro de auga en calidade e cantidade axeitada e de contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas. Estes servizos (abastecemento, saneamento ou depuración) veñen constituír feitos impoñibles susceptibles de ser gravados por unha taxa, para os que actualmente non existen tarifas concretas establecidas na Lei 6/2003, aínda que si existe a figura tributaria coa natureza de taxa denominada coeficiente de verquido, creada e regulada pola lei 9/2010, e que vai ser derrogada e substituída por estas novas figuras.

Consonte co artigo 4.3 da Lei 6/2003 é obrigatorio establecer os instrumentos financeiros correspondentes. Para o seu establecemento é necesaria norma de rango legal de acordo co principio de reserva de lei contido no artigo 9.1 da Lei 6/2003. A aplicación dunha taxa establecida a supostos concretos poderá facerse mediante a lei de orzamentos, consonte co establecido no artigo 9.4 da Lei 6/2003.

Cómpre sinalar que actualmente non existen taxas ao marxe das creadas e reguladas pola lei 6/2003, coa única excepción do coeficiente de verquido. Dado que o canon de xestión de depuradoras ven substituír ao coeficiente de verquido e tanto este como o canon de xestión de redes de colectores teñen unha estrutura moi específica e diferenciada e parella ao do canon da auga, do mesmo xeito que no seu momento se decidiu para o coeficiente de verquido, entendemos preferible que estas dúas figuras queden ao marxe da taxa por servizos profesionais regulada na lei 6/2003 e se manteñan como figuras propias aínda que sexa de aplicación obviamente a regulación aplicable ás taxas contida na lei 6/2003.

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

No entanto, no caso do canon de xestión de abastecementos, entendemos que o que debería é crearse a tarifa correspondente da taxa por servizos profesionais regulada na lei 6/2003 e incluír nos elementos esenciais da taxa as especialidades propias desta tarifa, do mesmo xeito que, por exemplo, se fixo coas tarifas portuarias. Non existe xustificación para desgaxar esta tarifa da taxa por servizos profesionais do texto da lei 6/2003, do mesmo xeito que sucede co resto das tarifas das diferentes taxas xestionadas por Augas de Galicia (por exemplo, as tarifas 29 a 35, 63, 64 ou 68 da taxa por servizos profesionais, modalidade administrativo-facultativa, contidas no anexo 2 da lei 6/2003). En conclusión, todo o referente a esta taxa deberá incluirse mediante unha disposición derradeira pola que se modifique a lei 6/2003.

Por outro lado, a proposta do establecemento das tarifas correspondentes debe vir acompañada dunha memoria económica, consonte co artigo 4.4 da Lei 6/2003, na que ademais de valorarse a conveniencia do proxecto, se propoñan os instrumentos financeiros que sexan de aplicación, así como unha previsión acerca do custo unitario e a cota tributaria proposta, tal e como sinala o artigo 15.4 da Lei 6/2003. Para a determinación da cota tributaria da taxa tomaranse os custos directos e indirectos, incluso os de carácter financeiro, amortización do inmobilizado, custos de investimento e, de ser o caso, os necesarios para garantir o mantemento, a expansión e o desenvolvemento razoable do servizo ou a actividade gravada pola taxa, máis unha normal rendibilidade dos recursos investidos. O rendemento previsto da taxa deberá tender a cubrir o custo de prestación do servizo; no caso contrario, deberá establecerse a subvención reguladora correspondente, consonte co artigo 15.2 da Lei 6/2003, mediante lei, consonte co artigo 55.1 da Lei 6/2003, para o que deberá remitirse ao centro directivo competente unha previsión do custo da prestación do servizo, de modo que poida consignarse na lei de orzamentos, tal e como establece o artigo 55.2 da Lei 6/2003, información respecto das compensacións ou subvencións que puideran levar consigo a prestación de servizos por parte de órganos da Administración ós que sexan de aplicación os instrumentos establecidos na Lei 6/2003. Deberá informarse na memoria tamén do *número previsto de usuarios do servizo e da recadación anual esperada*. De todo isto deberá emitir informe a

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

consellería competente en materia de facenda, en concreto, a dirección competente en materia de orzamentos.

Unicamente entenderíase xustificable a extracción desta figura da lei 6/2003 se se incluíran todas estas figuras no Título IV da lei 9/2010, xa que nese caso, estaríase regulando nunha lei propia e única todas as figuras incluídas na política de recuperación dos custes dos servizos, no réxime económico-financeiro dos servizos relacionados co ciclo integral da auga. Reiteramos polo tanto, a observación feita con carácter previo de ***que as tres figuras tributarias se inclúan como unha modificación do Título IV da lei 9/2010 ou, de xeito alternativo, os dous primeiros canons na lei 9/2010 e o terceiro na lei 6/2003 e, en última instancia, o canon de xestión de abastecementos deberá incluirse na lei 6/2003***.

En calquera caso, cómpre sinalar que o artigo 9 da lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (LXT), dispón que as leis e os regulamentos que conteñan normas tributarias deberano "*mencionar expresamente no seu título e na rúbrica dos artigos correspondentes*" e que no caso de que modifiquen normas tributarias deberán conter unha "*relación completa das normas derrogadas e a nova redacción das que resulten modificadas*". En consecuencia, ***deberase modificar a denominación da lei para respectar o disposto no artigo 9 LXT***.

Consonte co establecido na lei 6/2003 e no anteproxecto informado, as taxas creadas serán aplicables sempre que Augas de Galicia preste o servizo gravado, en concreto, o servizo de explotación de colectores, o servizo de depuración das augas residuais e o servizo de abastecemento. Consonte co anteproxecto de lei, Augas de Galicia prestará estes servizos cando as infraestruturas sexan da administración hidráulica e o servizo sexa de interese público superior e tamén cando, non sendo as infraestruturas da administración hidráulica, Augas de Galicia asuma o servizo mediante convenio coa administración prestadora do servizo. Neste caso, aplicará as taxas e, consonte coa memoria económica xuntada, o modelo proposto tería equilibrio financeiro.

Cómpre sinalar que o artigo 17.3 establece que

Xacobeo 21·22
CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

"*Os tributos para sufragar os custos derivados da xestión do ciclo integral da auga serán tamén percibidos por aqueles consorcios e entidades supramunicipais nas que participe a administración hidráulica de Galicia, salvo que se establezan taxas propias*".

O establecemento de figuras tributarias de titularidade das entidades locais ven regulado no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora de facendas locais. Pola súa parte, consonte co disposto no artigo 122.1 da lei 40/1995, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os consorcios estarán suxeitos ao réxime de orzamentación, contabilidade e control da Administración Pública á que estean adscritos. E a lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamiento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia dispón que "*o réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control dos consorcios autonómicos é o establecido pola lexislación de réxime financeiro e orzamentario da Comunidade Autónoma de Galicia*".

O punto 3 do artigo 17 do anteproxecto de lei parece querer establecer que as entidades locais e os consorcios perciban os tributos creados nesta lei, o que non podería ser, xa que debe respectarse o establecido nas disposicións citadas, sendo que unicamente pode impoñer isto aos consorcios autonómicos, polo que ***deberá corrixirse a redacción do artigo 17.3 consonte co disposto na normativa citada***.

Por último, debe sinalarse o ***principio de reserva de lei en materia tributaria*** contido nos artigos 31.3 CE, que establece que "*só poderán establecerse prestacións personais ou patrimoniais de carácter público consonte á lei*" e 133 CE, que dispón que "*a potestade orixinaria para establecer os tributos corresponde exclusivamente ao Estado, mediante lei*" e que "*as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais poderán establecer e exixir tributos, de acordo coa Constitución e as leis*". Pola súa parte, o artigo 8 da LXT establece que se regularán en todo caso por lei "*a delimitación (...) da base impoñible e liquidable, a fixación do tipo de gravame e dos demais elementos directamente determinantes da contía da débeda tributaria*" e igualmente "*o establecemento, modificación, supresión e prórroga das exencións, reducións, bonificacións, deducións e demais beneficios ou incentivos fiscais*". Así mesmo, a lei 6/2003, no seu artigo 9, números 1, 2 e 3, establece que "*1. O establecemento das taxas e a regulación dos seus elementos esenciais faranse mediante*

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

norma con rango de lei do Parlamento de Galicia. 2. Para os efectos previstos no apartado anterior son elementos esenciais das taxas: o feito impoñible, o suxeito pasivo, a base impoñible, a cota tributaria e o devengo. 3. Así mesmo, a lei regulará o establecemento, a supresión e a prórroga de exencións e bonificacións.".

Este principio de reserva de lei en materia tributaria, é interpretado pola doutrina constitucional, no senso de que o que exixe é que a creación *ex novo* do tributo así como a determinación dos seus elementos esenciais ou configuradores del debe levarse a cabo mediante lei (por todas, ssTC 6/1983, do 4 de febreiro, FX 5; e 150/2003, do 15 de xuño, FX 3). Mais esta reserva de lei é relativa de xeito que, aínda que os criterios ou principios que han de rexer a materia deben conterse nunha lei, resulta admisible a colaboración do regulamento, sempre que sexa indispensable por motivos técnicos ou para optimizar o cumprimento das finalidades propostas pola Constitución ou pola propia Lei e sempre que a colaboración se produza en termos de subordinación, desenvolvemento e complementariedade (entre outras, ssTC 185/1995, do 5 de decembro, FX 5; e 150/2003, do 15 de xuño, FX 3, por exemplo).

Tal e como sostén o Tribunal Constitucional (TC en adiante), o alcance da colaboración do regulamento "*estará en función de la diversa naturaleza de las figuras jurídico-tributarias y de los distintos elementos de las mismas*" (ssTC 185/1995, do 5 de decembro, FX 5; e 150/2003, do 15 de xuño, FX 3), poñendo de manifesto "*el diferente alcance de la reserva legal, según se esté ante la creación y ordenación de impuestos o de otras figuras tributarias*" (STC 19/1987, do 17 de febreiro, FX 4); o TC remarcou a especial flexibilidade da reserva de lei tributaria cando se trata das taxas (sTC 37/1981, do 16 de novembro, FX 4), sinalando que a colaboración do regulamento coa lei pode ser especialmente intensa no suposto das contraprestacións que, como as taxas, son fruto da prestación dun servizo ou actividade administrativa (STC 185/1995, do 5 de decembro, FX 5); e nos seus últimos pronunciamentos o TC afirma que resulta admisible unha maior intervención do regulamento naqueles ingresos "*en los que se evidencia, de modo directo e inmediato, un carácter sinalagmático que no se aprecia en otras figuras impositivas*" (ssTC 132/2001, do 8 de xuño, FX 5; e 63/2003, do 27 de marzo, FX 4). Agora ben, tal e como sinala o TC, "*la mayor flexibilidad de la reserva*

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

de ley tributaria respecto de las tasas -y, en general, respecto de todas las prestaciones patrimoniales de carácter público a que se refiere el art. 31.3 CE- no opera de la misma manera en relación con cada uno de los elementos esenciales del tributo" (ssTC 233/1999, do 16 de decembro, FX 9; e 150/2003, do 15 de xuño, FX 3), senón que *"[e]l grado de concreción exigible a la ley es máximo cuando regula el hecho imponible*" e é menor "*cuando se trata de regular otros elementos*", como o tipo de gravame e a base impoñible (sTC 221/1992, do 11 de decembro, FX 7). E, igualmente, o TC sostivo que no caso das prestacións patrimoniais de carácter público que se satisfacen pola prestación dun servizo ou actividade administrativa, a colaboración do regulamento "*puede ser especialmente intensa en la fijación y modificación de las cuantías -estrechamente relacionadas con los costes concretos de los diversos servicios y actividades- y de otros elementos de la prestación dependientes de las específicas circunstancias de los distintos tipos de servicios y actividades. En cambio, esta especial intensidad no puede predicarse de la creación ex novo de dichas prestaciones ya que en este ámbito la posibilidad de intervención reglamentaria resulta sumamente reducida, puesto que sólo el legislador posee la facultad de determinar libremente cuáles son los hechos imponibles y qué figuras jurídico-tributarias prefiere aplicar en cada caso*" (sTC 185/1995, do 5 de decembro, FX 5). A reserva establecida no art. 31.3 CE non exclúe polo tanto a posibilidade de que a lei poda conter remisións a normas infraordenadas, sempre que non provoquen, pola súa indeterminación, unha degradación da reserva formulada pola Constitución en favor do lexislador (sTC 19/1987, FX 6 c); sTC 233/1999, FX 19).

Pois ben, na configuración dos canons hai unha serie de elementos que son determinantes da carga tributaria e que non veñen concretados na lei senón que se remite a súa determinación a un informe ou a un instrumento contractual, entendendo que debe incluirse a súa regulación na norma legal e que, podería admitirse a colaboración regulamentaria para a súa determinación, de xeito que de admitirse a colaboración regulamentaria para ser concretados nun decreto ou nunha orde deberán determinarse na lei os criterios, parámetros, circuntancias, etc. ás que deberán axustarse. Farase mención en cada caso concreto de que elementos son eses nos seguintes apartados.

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

Normativa de aplicación

No capítulo I debería incluírse unha disposición na que se regulara a normativa de aplicación cun contido similar ao do artigo 40 da lei 9/2010, de xeito que

"*a normativa de aplicación aos canons creados pola presente lei, ven constituída por esta lei e as súas normas de desenvolvemento, pola lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia e as súas normas de desenvolvemento, pola lei xeral tributaria e as súas normas de desenvolvemento, así como polo texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia*".

Os artigos 27 e 43 do anteproxecto correspondentes ao canon de xestión de depuradoras e ao canon de xestión de redes de colectores respectivamente inclúen na súa denominación "*normativa de aplicación*" aínda que non recollen ningunha disposición ao respecto. Entendemos que a normativa de aplicación das tres taxas debería conterse no capítulo I de disposicións xerais e que debería corrixirse a denominación dos artigos citados eliminando a mención á normativa de aplicación.

Aínda que entendemos que non é necesario posto que a lexitimidade para a exixencia de taxas ven na propia prestación do servizo e se o servizo é prestado por Augas de Galicia non o será por outra administración, podería ser aconsellable incluír o disposto no artigo 41 da lei 9/2010, a excepción do relacionado co canon da auga.

Afectación da recadación

Os artigos 28, 44 e 61 regulan a afectación de cada un dos canons creados a finalidades concretas. Consonte co establecido no artigo 4 da Lei 6/2003, a afectación dos ingresos derivados da aplicación das taxas para fins determinados debe realizarse de forma excepcional e mediante lei, sen prexuízo do que informe o órgano competente na materia, a dirección con competencia en materia de orzamentos. O feito de que o texto legal se separe da norma xeral de non afectación debería vir debidamente xustificado na memoria.

Canon de xestión de depuradoras

Este canon ven substituír ao coeficiente de verquido pola parte correspondente ao custe do servizo de depuración de augas residuais asociada ao uso das depuradoras.

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

O coeficiente de verquido ten como modalidades de tributación os usos domésticos e asimilados, os usos non domésticos e os usuarios específicos, mentres que o canon de xestión de depuradoras terá catro modalidades de tributación: os usos domésticos e asimilados, os usos non domésticos, os usos urbanos e o baleirado de fosas sépticas. Cómpre sinalar o seguinte:

a) desaparece a modalidade de usuarios específicos, polo que se nestes usos se devengaba o coeficiente de verquido, agora tributarán polo canon de xestión de depuradoras como usuarios domésticos ou asimilados ou como usuarios non domésticos, segundo corresponda;

b) se modifica a tributación do baleirado de fosas sépticas e

c) se establece unha nova tributación para os usos urbanos que recaerá sobre as entidades locais.

Polo que respecta á *regulación do suxeito pasivo*, cómpre sinalar que se reproducen as disposicións de suxeito pasivo do canon da auga contidas no artigo 46 da lei 9/2010 actualmente vixente, se ben incluíndo as disposicións necesarias para as novas modalidades de tributación (usos urbanos e baleirado de fosas sépticas).

En canto ás normas de *non suxeición* reprodúcese a letra a) do artigo 47.1 da lei 9/2010, non así as letras b) e c), mentres que no caso das *exencións* reprodúcense as establecidas no artigo 47.2 da lei 9/2010, aínda que, ao marxe dos suxeitos pasivos do IDMAE (que, obviamente, non van recibir o servizo gravado pola taxa), a norma non recolle a exención dos usos da auga por parte de entidades públicas para instalacións deportivas nin tampouco os usos da auga por parte de entidades de iniciativa social. Na medida na que isto constituíra unha modificación co respecto ao coeficiente de verquido debería vir convenientemente xustificado e cuantificado na memoria.

O artigo correspondente á *regulación da base impoñible* é equiparable á regulación contida no artigo 48 da lei 9/2010. No entanto, cómpre sinalar que entendemos que existe unha inconsistencia en canto á base impoñible no baleirado de fosas sépticas.

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

Na regulación actual do coeficiente de verquido a base impoñible ven determinada polo volume de auga usada ou captada. A pesares de que no artigo 42 do anteproxecto o tipo de gravame aplícase sobre o volume de auga baleirada, o artigo 32 non regula a base impoñible neste suposto de forma concreta, polo que a interpretación deste artigo nos levaría a que a base impoñible na modalidade de baleirado de fosas sépticas é o volume real ou potencial de auga utilizado ou consumido e que poderá considerarse como base impoñible o volume verquido nas condicións que se determinen regulamentariamente. No propio artigo 33.4 sinálase que no caso de baleirado de fosas sépticas a base impoñible será o volume baleirado. Polo tanto, cómpre corrixir ou ben o artigo 32, establecendo que a base impoñible no caso da modalidade de baleirado de fosas sépticas é o volume de auga baleirada (eliminándoo do artigo 33.4), ou ben o artigo 42, establecendo un tipo de gravame que sexa de aplicación sobre o volume de auga utilizada ou consumida. Ademais, no caso do cambio de tributación co respecto ao coeficiente de verquido deberá vir convenientemente xustificado e cuantificado na memoria.

A tributación na modalidade de usos urbanos é unha novidade co respecto ao coeficiente de verquido. Por este motivo deberá vir convenientemente xustificada, explicada e cunatificada na memo ria económica. Cada un dos usuarios conectados ao sistema de saneamento que vai derivar a unha estación depuradora van tributar por este canon. Facer tributar á entidade local polo volume de auga entrante na depuradora semella unha dobre tributación. Ademais, os tipos de gravame non se aplican sobre a base impoñible tal cal senón que se aplican de forma diferenciada, de xeito que un tipo vai asociado ao volume de auga e outro vai asociado á carga contaminante. Ademais o tipo aplicable ao volume, non se aplica á base impoñible senón á base minorada polo volume de depuración mensual ordinario fixado para cada depuradora (debería dicirse para cada municipio conectado á depuradora) e o tipo aplicable á carga contaminante tampouco se aplica directamente á base impoñible senón á base modulada por un coeficiente para o que, por outra banda, non está claramente definida a súa construción no artigo 41.

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

En canto á cuantificación da carga tributaria non debe esquecerse o sinalado máis arriba respecto ao principio de reserva de lei en materia tributaria. Hai un elemento de cuantificación da carga tributaria que non ven concretado na lei e que é o volume de depuración mensual ordinario ao que se refire o número 3 do artigo 22 do anteproxecto. Este elemento determina a tributación das entidades locais na modalidade de usos urbanos, xa que parece ser unha redución da base impoñible. Na lei establécese que este elemento vaise determinar por Augas de Galicia nun informe previo á xestión de infraestruturas o que entendemos que non respecta a doutrina constitucional nesta materia. Por tanto, deberá xustificarse na memoria por que é necesaria a intervención do regulamento nesta materia e fixarse na lei que criterios ou parámetros e o método que para o seu cálculo ou determinación vanse empregar, e deberase aprobar a contía concreta mediante norma de rango regulamentario, debendo vir convenientemente xustificada mediante unha memoria.

Polo tanto, entendemos que a normativa é farragosa neste extremo e debería, por unha banda, xustificarse adecuadamente esta modalidade, que é o que se pretende gravar que non estea xa gravado a través dos usuarios da auga que conforman a poboación da entidade local e definir os elementos do tributo en base a isto dunha forma clara, contendo no artigo da base impoñible as normas dela, establecendo as reducións que foran precisas no caso de que as houbera e definindo a base liquidable correspondente e explicando claramente como se chega á base impoñible correspondente á carga contaminante, definindo o coeficiente que transforma o volume de auga en volume de carga contaminante, ou ben, establecendo un coeficiente aplicable ao tipo de gravame se o que se pretendera fora modular ou agravar o tipo de gravame en función da carga contaminante da auga introducida ou entregada na depuradora (entendemos que esta é a opción), explicando claramente como se constrúe o dito coeficiente.

Baixo a nosa consideración o que debería é formularse no artigo correspondente á base impoñible, que esta virá determinada polo volume mensual de auga entrante na depuradora (artigo 32.1 terceiro parágrafo) e debería engadirse un artigo que regulara

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a base liquidable que podería ser redactado dun xeito similar ao proposto, no que ademais se ten en conta a necesidade de respectar o principio de reserva de lei, consonte co sinalado con anterioridade no informe:

"*Artigo 34 bis. Base liquidable nos usos urbanos*

1. Para calcular a parte variable da cota tributaria asociada ao volume de auga regulada no artigo 41, reducirase a base impoñible no volume de depuración mensual ordinario que corresponda a cada un dos concellos dos que proceda a auga entrante na depuradora. A base liquidable así calculada non poderá ser negativa.

2. O volume de depuración mensual ordinario determinarase mediante orde en base aos datos históricos contrastados de volume de depuración dos últimos X anos medidos no punto de control ... ou en base a datos de poboación, actividade industrial ou empresarial, ... No caso de que o volume de depuración mensual ordinario non fora único e se estableza un volume aplicable a distintos períodos dentro do ano natural, estes períodos de tempo deben facerse en referencia aos meses naturais do ano. Para cada un dos volumes de depuración mensuais ordinarios propostos establecerase un punto de control. No caso de novas adhesións...

3. Para calcular a parte variable da cota tributaria asociada á carga contaminante regulada no artigo 41, a base liquidable coincidirá coa base impoñible."

E polo que respecta ao artigo 41, debería redactarse do xeito seguinte:

"*Artigo 41. Cota do canon de xestión de depuradoras e tipo de gravame*

1. A cota do canon de xestión de depuradoras na modalidade de usos urbanos resultará da adición de dúas partes variables, unha asociada ao volume de auga e outra á carga contaminante.

2. A parte variable asociada ao volume de auga resultará de aplicar á base liquidable á que se refire o artigo 34 bis.1 o tipo de gravame de 0,29 €/m^3.

3. A parte variable asociada á carga contaminante resultará de aplicar á base liquidable á que se refire o artigo 34 bis.3 o tipo de gravame que resulte de aplicar o coeficiente de contaminación a que se refire o apartado seguinte á cantidade de 0,053 €/m^3.

4. O coeficiente de contaminación determinarase para cada depuradora en función da concentración de contaminantes na auga, segundo a analítica mensual representativa realizada, en relación aos seguintes parámetros e ás seguintes concentracións base:

Parámetros Concentración base

Demanda bioquímica de oxíxeno (DBO5) 500,00mg/l

Materias en suspensión (MES) 500,00 mg/l

Demanda química de Oxixeno (DQO) 1000,00 mg/l

Nitróxeno total (NT) 60,00 mg/l

Fósforo total (PT) 40,00 mg/l

Condutividade 5000,00 µS/cm

Materias inhibidoras (MI) 20 Equitox

O coeficiente de contaminación tomará o valor do número de parámetros para os que se superen as concentracións base da táboa anterior. No caso en que as concentración base

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

non se superen para ningún parámetro, o coeficiente de contaminación adoptará o valor de 0. A concentración de contaminantes na auga entenderase referida ao punto ou puntos de control que se tiveran en conta para determinar o volume de depuración mensual ordinario ao que se refire o artigo 34.bis.2."

Por outra banda, no número 2 do artigo 32, non se inclúe a obrigatoriedade de ter e manter mecanismos de medición, tal e como si se fai no artigo 48.2 da lei 9/2010, o que entendemos que deberá corrixirse.

No artigo 33.4 deberá sinalarse como se vai medir o volume de auga baleirado, en consonancia co que se fai nas outras modalidades de tributación.

O artigo 34 reproduce na súa totalidade o artigo 50 da lei 9/2010.

O artigo 35 regula o *devengo*. Para estes efectos cómpre sinalar que o canon é unha taxa que se devenga pola prestación dun servizo, en concreto polo servizo de depuración. O devengo deberá anudarse ao servizo gravado e este non é a utilización ou o consumo da auga. Por tanto, entendemos que o correcto é sinalar que o devengo da taxa se produce cando se inicia a prestación do servizo de depuración, motivo polo que suxerimos unha redacción similar a esta

"*Artigo 35. Devengo*

1. O devengo producirase no momento en que se inicie a prestación do servizo de depuración das augas residuais.

Para estes efectos, entenderase que o servizo comeza a prestarse:

a) nos supostos onde a base impoñible veña constituída polo volume real ou potencial de auga utilizada ou consumida, cando se realice a utilización ou consumo real ou potencial da auga.

b) naqueles supostos onde a base impoñible veña constituída polo volume vertido, no momento en que dito vertido se produza.

c) no caso dos usos urbanos, cando o volume da auga entre na depuradora.

d) no caso de baleirado de fosas sépticas, cando se realice o baleirado nas instalacións de depuración.

2. Nos usos domésticos e asimilados, o tipo de gravame aplicarase sobre os consumos mensuais."

Polo que respecta á *regulación da cuantificación do canon*, cómpre sinalar que os artigos correspondentes son practicamente reprodución dos artigos referentes á cuantificación do canon da auga aplicables ao coeficiente de verquido, artigos 52 a 56 da lei 9/2010, sen prexuízo dos tipos concretos de gravame establecidos no

Xacobeo 21·22
CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

anteproxecto. O primeiro que cómpre sinalar é que se reproduce a cuantificación do canon en función da tipoloxía de usos empregados para o canon da auga: usos domésticos e asimilados e usos non domésticos. No entanto, na lei non se define que se entende por usos domésticos e asimilados nin por usos non domésticos. O artigo 2 do anteproxecto contén nas letras l) e m) o que se entende por augas residuais domésticas e augas residuais non domésticas e a disposición adicional cuarta sinala que serán de aplicación as definicións contidas no artigo 2 da lei 9/2010 e no artigo 2 da lei 9/2019. Sendo que isto constitúe un factor fundamental para a cuantificación da carga tributaria deberían homoxeneizarse estas definicións e deixar dun xeito totalmente claro que debe entenderse por usos domésticos e asimilados e por usos non domésticos a efectos da aplicación dos canons. Por outra banda, tal e como xa sinalabamos o contido da DA 4ª debería incluirse no propio artigo 2 do anteproxecto.

Ademais, cómpre sinalar as seguintes diferenzas respecto ao coeficiente de verquido:

a) a cota fixa aplicable a usos domésticos mantense (aínda que elimínase a cota reducida).

b) a cota fixa aplicable aos usos asimilados aos domésticos duplícase, equiparándose á establecida para os usos non domésticos, que se incrementa nun 20% co respecto á vixente na actualidade.

c) a cota variable aplicable ao primeiro tramo nos usos domésticos e asimilados pasa de 0 a 0’15 €/m^3.

d) en usos non domésticos, o tipo de gravame aplicable á modalidade de volume e o tipo de gravame xeral aplicable á modalidade de carga contaminante increméntanse nun 15%.

e) polo que respecta á modalidade de usos urbanos remitímonos ao xa sinalado con anterioridade.

f) polo que respecta á modalidade de baleirado de fosas sépticas, semella modificarse a forma de tributación respecto á actualmente vixente, o que debería non só

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

xustificarse senón tamén cuantificarse de xeito que poda saberse o impacto medio que suporá este cambio a nivel individualizado e a poboación que se verá afectada.

g) por último, polo que semella deducirse da regulación, estase excluíndo deste canon aos suxeitos que actualmente están tributando pola modalidade de usuarios específicos ou se están tratando como usuarios domésticos ou asimilados ou usuarios non domésticos, segundo correspondera, o que tamén deberá xustificarse e cuantificar a perda ou a variación que supoña.

Canon de xestión de redes de colectores

Este canon grava o servizo da rede de colectores para a condución das augas residuais ás depuradoras. O canon de xestión de redes de colectores terá tres modalidades de tributación: os usos domésticos e asimilados, os usos non domésticos e os usos urbanos. Cómpre sinalar que deberá xustificarse o por que de non establecer unha modalidade de usuarios específicos, que virá xustificada ou ben porque os ditos usuarios non son usuarios do servizo ou ben porque se o son, non precisan dunha diferenciación co respecto ás modalidades de usuarios domésticos e asimilados e usuarios non domésticos. Establécese ademais unha modalidade de tributación para os usos urbanos que recaerá sobre as entidades locais.

Polo que respecta á *regulación do suxeito pasivo*, cómpre sinalar que se reproducen as disposicións de suxeito pasivo do canon da auga contidas no artigo 46 da lei 9/2010, se ben incluíndo as disposicións necesarias para a nova modalidade de tributación (usos urbanos).

En canto ás normas de *non suxeición* reprodúcese a letra a) do artigo 47.1 da lei 9/2010, non así as letras b) e c), mentres que no caso das *exencións* reprodúcense as establecidas no artigo 47.2 da lei 9/2010, aínda que, ao marxe dos suxeitos pasivos do IDMAE (que, obviamente, non van recibir o servizo gravado pola taxa), a norma non recolle a exención dos usos da auga por parte de entidades públicas (letra a)) nin tampouco os usos da auga por parte de entidades de iniciativa social (letra e)), o que debería vir convenientemente xustificado e cuantificado na memoria.

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

O artigo correspondente á *regulación da base impoñible* é equiparable á regulación contida no artigo 48 da lei 9/2010. No entanto, cómpre sinalar que este canon non reproduce a dobre modalidade de tributación do canon da auga nos usos non domésticos, polo volume e pola carga contaminante. No número 2 do artigo 32 non se inclúe a obrigatoriedade de ter e manter un mecanismo de medición, tal e como si se fai no artigo 48.2 da lei 9/2010, o que deberá corrixirse.

Polo que respecta aos usos urbanos, remitímonos ao sinalado a este respecto na análise do canon de xestión de depuradoras. Neste caso, hai dous elementos de cuantificación da carga tributaria que non veñen concretados na lei e que son o volume de saneamento mensual ordinario ao que se refire o número 5 do artigo 22 do anteproxecto e o coeficiente de explotación de saneamento ao que se refire o número 2 do artigo 23. O primeiro elemento determina a tributación das entidades locais na modalidade de usos urbanos, xa que parece ser unha redución da base impoñible. E o segundo determina a carga tributaria en calquera das modalidades do canon. Na lei establécese que o primeiro elemento vaise determinar por Augas de Galicia nun informe previo á xestión de infraestruturas e o segundo nas condicións da xestión de infraestruturas e prestación do servizo, o que entendemos que non respecta a doutrina constitucional respecto ao principio de reserva de lei en materia tributaria. Por tanto, deberá xustificarse na memoria por que é necesaria a intervención do regulamento nesta materia e fixarse na lei que criterios ou parámetros eo método do seu cálculo vanse empregar para a súa determinación, e deberase aprobar a contía concreta mediante norma de rango regulamentario, debendo vir convenientemente xustificada mediante unha memoria.

Propoñemos unha redacción similar á que segue para os artigos de base liquidable e de cuantificación:

"*Artigo 48 bis. Base liquidable nos usos urbanos*

1. A base impoñible reducirase no volume de saneamento mensual ordinario que corresponda a cada un dos concellos dos que proceda a auga conducida ou bombeada á rede de colectores. A base liquidable así calculada non poderá ser negativa.

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. O volume de saneamento mensual ordinario determinarase mediante orde en base aos datos históricos contrastados de volume de saneamento dos últimos X anos medidos no punto de control ... ou en función de datos de poboación, de actividade empresarial, industrial ... . No caso de que o volume de saneamento mensual ordinario non fora único e se estableza un volume aplicable a distintos períodos dentro do ano natural, estes períodos de tempo deben facerse en referencia aos meses naturais do ano. Para cada un dos volumes de saneamento mensuais ordinarios propostos establecerase un punto de control. No caso de novas adhesións ..."

"*Artigo 56. Cota do canon de xestión de redes de colectores e tipo de gravame*

1. A cota previa do canon de xestión de redes de colectores na modalidade de usos urbanos resultará de aplicar á base liquidable á que se refire o artigo 48 bis. o tipo de gravame de 0,21 €/m^3.

2. A cota previa modularase polo coeficiente de explotación do saneamento, que se determinará mediante orde en base a criterios de ... ."

O artigo 50 do anteproxecto reproduce na súa totalidade o artigo 50 da lei 9/2010.

O artigo 51 regula o <u>*devengo*</u>. Para estes efectos cómpre sinalar que o canon é unha taxa que se devenga pola prestación dun servizo, en concreto polo servizo de explotación de colectores. O devengo deberá anudarse ao servizo gravado e este non é a utilización ou o consumo da auga. Por tanto, entendemos que o correcto é sinalar que o devengo da taxa se produce cando se inicia a prestación do servizo de explotación de colectores, motivo polo que suxerimos unha redacción similar a esta

"*Artigo 51. Devengo*

1. O devengo producirase no momento en que se inicie a prestación do servizo de explotación de colectores para a condución das augas residuais ás depuradoras de augas residuais.

Para estes efectos, entenderase que o servizo comeza a prestarse:

a) nos supostos onde a base impoñible veña constituída polo volume real ou potencial de auga utilizada ou consumida, cando se realice a utilización ou consumo real ou potencial da auga.

b) naqueles supostos onde a base impoñible veña constituída polo volume vertido, no momento en que dito vertido se produza.

c) no caso dos usos urbanos, cando o volume da auga sexa conducida ou bombeada á rede de colectores.

2. Nos usos domésticos e asimilados, o tipo de gravame aplicarase sobre os consumos mensuais."

Polo que respecta á <u>*regulación da cuantificación do canon*</u>, cómpre sinalar que os artigos correspondentes son practicamente reprodución dos artigos referentes á cuantificación do canon da auga aplicables ao coeficiente de verquido, artigos 52 a 54

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

da lei 9/2010, sen prexuízo dos tipos concretos de gravame establecidos no anteproxecto.

En primeiro lugar, remitímonos ao sinalado para o canon anterior co respecto á tipoloxía de usos empregados para o canon da auga: usos domésticos e asimilados e usos non domésticos.

Ademais, cómpre sinalar o seguinte co respecto á regulación do coeficiente de verquido:

a) a cota fixa aplicable a usos domésticos mantense (aínda que elimínase a cota reducida).

b) a cota fixa aplicable aos usos asimilados aos domésticos duplícase, equiparándose á establecida para os usos non domésticos, que se incrementa nun 20% co respecto á vixente na actualidade.

c) a cota variable aplicable ao primeiro tramo nos usos domésticos e asimilados pasa de 0 a 0'15 €/m^3.

d) en usos non domésticos, non se regula a dobre modalidade de tributación (volume ou carga contaminante) senón que se establece unha tributación en base ao volume; o tipo de gravame que se fixa é equiparable ao tipo aplicable á modalidade de volume, incrementado nun 15% co respecto ao actualmente vixente.

e) polo que respecta ao coeficiente de explotación de saneamento, remitímonos ao sinalado para os usos urbanos, debendo redactarse a mención a el feita no 52.1, no 55.1 e no 56.2 de xeito idéntico.

Ademais no caso dos usos domésticos, a estrutura tributaria esixe qeu o coeficiente se aplique á cota tributaria previa e unha vez determinada a cota tributaria final aplicarase a dedución por familia numerosa. Na redacción do anteproxecto aplícase primeiro a dedución e posterioremente o coeficiente, o qeu deberá corrixirse.

f) por último, polo que semella deducirse da regulación estase excluíndo deste canon aos suxeitos que actualmente están tributando pola modalidade de usuarios

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

específicos ou se están tratando como usuarios domésticos ou asimilados ou usuarios non domésticos, segundo correspondera, o que tamén deberá xustificarse consonte co xa sinalado máis arriba e cuantificar a perda ou a variación que supoña.

Normas comúns

O capítulo IV do Título III do anteproxecto contén as normas comúns para a aplicación dos dous canons anteriormente analizados e veñen reproducir as disposicións correspondentes ao canon da auga recollidas nos artigos 62, 63 e 65 da lei 9/2010.

O artigo 59.3 dispón o seguinte:

"*As declaracións e autoliquidacións se efectuarán obrigatoriamente cubrindo os formularios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia e a súa correspondente presentación por dita sede. No caso de que algún contribuínte obrigado a comunicarse electronicamente coa Administración presente a súa declaración ou autoliquidación presencialmente ou a presente electronicamente pero sen cubrir o formulario na sede, Augas de Galicia procederá a requirir a súa subsanación, considerándose como data de presentación aquela na que sexa realizada esta subsanación.*

Regulamentariamente poderase establecer a obriga de presentar os diferentes arquivos informáticos mediante as plataformas web que se establezan"

Para estes efectos debe terse en conta que a LXT establece os principios e as normas xurídicas xerais do sistema tributario español e será de aplicación por parte de todas as administracións tributarias en virtude e co alcance derivado do artigo 149.1.1º,8º, 14º e 18º da Constitución Española. Na LXT non se contempla como declaración extemporánea a presentada incumprindo a obriga de facelo de xeito electrónico senón que esta conduta é tipificada como unha infracción tributaria e sancionada no artigo 199 LXT. Por este motivo, o parágrafo subraiado deberá eliminarse.

Canon de xestión de abastecementos

Esta figura é un tributo novo pola prestación do servizo de xestión de abastecemento, en concreto, polo servizo de subministro en alta de auga por Augas de Galicia ás entidades locais. Na regulación dela se prevé a posibilidade de que as entidades locais repercutan o seu importe aos abonados do seu servizo de abastecemento. No entanto en aras da seguridade xurídica e do principio de igualdade, a formulación disto debería facerse de xeito preceptivo, é dicir que en lugar de empregar o termo "*poderán*",

Xacobeo 21·22
CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

debería utilizarse o termo "*deberán*". Debe terse en conta que dese xeito, sempre que Augas de Galicia realice o subministro en alta a unha entidade local, tódolos usuarios de abastecemento de estas entidades soportarán o custe do abastecemento en alta, de forma que todos eles pagarán 0'3224 €/m^3 subministrado, con independencia da entidade local que lles faga o subministro e sempre que Augas de Galicia realice o subministro en alta. Na memoria debería conterse información sobre cal é a situación actual nos supostos nos que Augas de Galicia xa está subministrando en alta ás entidades locais e cuantificar cal vai ser a diferenza cuantitativa para os usuarios así como para un usuario medio.

Por último, en canto á cuantificación da carga tributaria, hai un elemento que non ven concretado na lei e que é o coeficiente de explotación de abastecemento ao que se refire o número 2 do artigo 23. Este elemento determina a carga tributaria do canon. Na lei establécese que este elemento vaise determinar por Augas de Galicia nas condicións da xestión de infraestruturas e prestación do servizo, o que entendemos que non respecta a doutrina constitucional respecto ao principio de reserva de lei en materia tributaria. Por tanto, deberá xustificarse na memoria por que é necesaria a intervención do regulamento nesta materia e fixarse na lei que criterios ou parámetros e o método para o seu cálculo vanse empregar para a súa determinación, e deberase aprobar a contía concreta mediante norma de rango regulamentario, debendo vir convenientemente xustificada mediante unha memoria. Remitímonos neste punto ao xa sinalado nos dous canons anteriores e debería formularse unha redación similar á proposta para o coeficiente de explotación de saneamento en canto a este coeficiente (fixación por orde e establecemento de criterios, parámetros, etc. ao que deba suxetarse a norma regulamentaria).

Por último e consonte co artigo 8 LXT, debe conterse na lei a obriga de presentar declaracións e autoliquidacións referidas ao cumprimento da obrigación tributaria principal de pagamento do tributo e, de ser o caso, a dos pagamentos a conta. Por tanto, deberase incluír un artigo similar ao 59 no que se determine cal vai ser a forma de liquidación do canon, se a través do sistema de autoliquidación polo propio suxeito

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

pasivo ou se o canon vai ser liquidado por Augas de Galicia e notificada a liquidación aos suxeitos pasivos. No caso de que esta taxa se introducira na lei 6/2003, debe terse en conta o disposto no artigo 17.3 da lei 6/2003 e o disposto nas normas de desenvolvemento dela que establecen como o réxime de autoliquidación como réxime xeral de aplicación das taxas, polo que, de apartarse del, deberanse modificar as disposicións regulamentarias na materia.

Disposicións adicionais:

A disposición adicional segunda debería redactarse do seguinte xeito

"*Para os efectos do canon de xestión de depuradoras e do canon de xestión de redes de colectores, estarán exentos por risco de exclusión social os suxeitos pasivos que o estean por este motivo no canon da auga na entrada en vigor desta lei. Ademais, para os efectos destes dous canons, entenderase acreditado o mesmo número de persoas que habitan na vivenda que o que se teña acreditado para os efectos do canon da auga no momento da entrada en vigor desta lei así como a condición de familia numerosa para a aplicación da dedución da cota, se a tiveran para os efectos do canon da auga no momento da entrada en vigor desta lei.*"

Na disposición adicional terceira deberá conterse ben a referencia legal (á letra b) do número 1 do artigo 40).

Co respecto á disposición adicional quinta (DA 5) cómpre sinalar o disposto nas directrices de técnica normativa contidas na Resolución do 5 de novembro de 2014, da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 30 de outubro de 2014, polo que se aproban as Directrices de técnica normativa.

"*As disposicións derradeiras incluirán: (...) As autorizacións e mandatos dirixidos á produción de normas xurídicas (tales como habilitacións de desenvolvemento regulamentario, mandatos de presentación de proxectos normativos, autorización de modificación futura do contido dos anexos da propia norma para adaptalos a novas situacións, e similares). As cláusulas de habilitación regulamentaria dirixiranse á persoa titular do órgano e delimitarán o ámbito material e, se procede, os prazos e os principios e criterios que deberá conter o futuro desenvolvemento. Estas cláusulas deberán evitar ser xenéricas, tratando de concretar, na medida do posible, os desenvolvementos regulamentarios futuros.*".

No entanto, o contido da DA 5 é propio do articulado do propio tributo, do xeito que o correcto sería introducir na regulación de cada un dos tributos que elementos poderán ser modificados pola lei de orzamentos e con que condicións e requisitos de ser o

Xacobeo 21·22
CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

caso. Polo xeral o artigo referido a cada elemento debería conter a posibilidade, de ser o caso, de que a lei de orzamentos o modifique e baixo que condicións. Agora ben, sendo que o que se pretende é que calquera dos elementos do tributo poida ser modificado pola lei de orzamentos, o que procedería é incluír un artigo en cada capítulo coa disposición correspondente. Pola súa parte, a disposición derradeira segunda respectaría o sinalado nas directrices de técnica normativa.

Polo que respecta ao contido da disposición adicional sexta debería figura no propio articulado, neste caso, ao ser disposicións comúns aos dous primeiros canons, no capítulo IV.

A disposición derradeira terceira establece que a entrada en vigor producirase o día seguinte á publicación no DOG; a disposición derrogatoria única derroga o coeficiente de verquido, derrogación que se producirá o día da entrada en vigor da lei. Para estes efectos debe terse en conta que o coeficiente de verquido determina a carga tributaria dun xeito progresivo en función do consumo e para isto, determina o cómputo da base impoñible nun período determinado de tempo, no mes natural. Por tanto, entendemos que, en aras da seguridade xurídica e da simplificación debería establecerse que os canons entrarán en vigor o primeiro mes natural que se inicie trala entrada en vigor da lei e que ata ese momento pervivirá o coeficiente de verquido. Deste xeito este será o *dies a quo* no que comezarán a devengarse os canons creados pola lei e o *dies ad quem* no que finalizará a aplicación do coeficiente de verquido. E todo isto, con independencia dos períodos de facturación, que son fixados polas entidades subministradoras e que non son os mesmos para tódolos suxeitos pasivos. Por este motivo e neste sentido, deberá revisarse a redacción da disposición transitoria segunda, da disposición derradeira terceira e da disposición derrogatoria única.

Memoria económica

Segundo a memoria económica xuntada, hoxe, coa estrutura establecida, os ingresos non cobren o custe da prestación do servizo de depuración (apenas o 50%), tendo un déficit medio de uns 6 M de €, que se cobren coa recadación do canon da auga.

Xacobeo 21·22
CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

Coa nova estrutura plantexada e consonte co disposto na memoria económica xuntada acadaríase o equilibrio económico-financeiro do servizo de depuradoras, de xeito que liberaríanse eses 6 millóns de € do canon de auga para financiar outras actuacións e actividades da xestión da auga, entre elas financiaranse actividades que consonte co anteproxecto desenvolverá AG para tódolos concellos da CAG, cun custe aproximado duns 2 M de €, quedando, polo tanto, 4 M de € da recadación do canon da auga, para outras actividades.

Polo que respecta ao servizo de abastecemento hoxe tan só se presta a unha entidade local e o servizo está equilibrado economicamente.

Na proxección dos servizos de abastecemento, depuradoras e colectores, os escenarios que se plantexan acadarían máis ou menos un equilibrio entre os custes e os ingresos.

No entanto, bótase de menos na memoria a xustificación de determinadas modificacións co respecto á situación actual, como por exemplo os incrementos de cotas fixas para os usos asimilados aos domésticos e para os usos non domésticos, así como a variación que se producirá nos usuarios en termos de carga tributaria co respecto á situación actual e cal é a situación co respecto ás redes de colectores.

Entendemos que a memoria debería ser máis explicativa en canto a isto. Ademais deberá completarse co resto de mencións fefitas no informe.

Gravame sobre as perdas de auga nas redes de subministro

O anteproxecto de lei contén unha disposición derradeira que modifica a lei de augas para, entre outras fins, introducir na estrutura do canon da auga un gravame que penalice as perdas de auga nas redes de distribución. Esta actuación está prevista na disposición derradeira quinta da lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento en episodios de seca e en situacións de risco sanitario, de xeito que se ordena regular un novo imposto ou modificar a estrutura co canon de auga, coa fin de grabar as perdas de agua que se produzan nas redes de

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

abastecemento cuando supongan máis do vinte por cento da auga captada, no prazo máximo de tres anos dende a entrada en vigor da lei 9/2019 (11/01/2020).

Esta entidade analizou aquel anteproxecto de lei 9/2019, colaborando na súa redación e emitindo informe sobre a versión definitiva na data 24/04/2019. Ao igual que sinalamos no seu momento, non compartimos a inclusión das perdas dentro do gravame do canon da auga por entender que non encaixa cos principios ordenadores do imposto, que ten finalidade ambiental, e que desvirtúa a súa estrutura e obxecto. Entendemos que non é o instrumento máis adecuado para a consecución da finalidade perseguida, que é que as entidades subministradoras adopten as medidas necesarias para reducir as perdas de auga nas redes de subministro por debaixo dun 20% da auga subministrada ou fornecida en alta e que se poderían adoptar ou ben mediante o establecemento dunha sanción ou ben mediante un novo imposto con finalidade extrafiscal que grave aquelas perdas que superen o umbral do 20% establecido na lei. De feito, na última versión da lei informada por esta entidade contíñase a redación dos aspectos esenciais dun imposto extrafiscal diferenciado do canon da auga. Como xa sinalabamos daquela, dos impostos autonómicos que gravan a auga, 13 CCAA teñen establecidos diferentes tributos propios que gravan dun ou doutro xeito a utilización da auga. En concreto das 13 figuras, 11 delas, entre a que está o noso canon da auga, responden á natureza de imposto medioambiental e 2, responden á natureza dunha contribución especial. Dos 11 impostos, ningún deles grava as perdas producidas nas redes de abastecemento. Só as dúas figuras que teñen natureza de contribución especial (o seu obxecto é a financiación das infraestruturas hidráulicas de calquera natureza), que son o canon de mellora andaluz e o canon de saneamento estremeño, inclúen no seu feito impoñible as perdas nas redes de abastecemento. Esta inclusión si ten coherencia coa finalidade deses tributos, que non é outra que financiar as infraestruturas hidráulicas, entre as que encontran encaixe a reparación das redes de abastecemento. O feito impoñible destes dous tributos é a dispoñibilidade e uso urbano da auga potable de calquera procedencia, subministrada por redes de abastecemento públicas ou privadas, quedando asimilados ao uso, as perdas de auga nas redes de abastecemento. Neses

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

dous tributos tamén se gravan as fugas de auga nas instalacións interiores. Por todo isto, mantemos a opinión de que o gravame das perdas de auga se efectúe mediante a creación dun imposto extrafiscal diferenciado do canon da auga e con unha estrutura moito máis sinxela que o canon da auga, máis sinxelo en definitiva na súa configuración, plantexamento e xestión do que é o canon da auga, ao estilo dos impostos sobre edificacións ruinosas, edificios vacíos, terras improdutivas, o noso CIDEA, ... e que realmente, se o obxectivo se cumpre, non se devengue.

Non vemos na memoria unha xustificación que permita dilucidar por que se entende que vai ser máis efectivo empregar o canon da auga para conseguir a finalidade perseguida que un imposto extrafiscal diferenciado.

O artigo 129 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establece que "*no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, as Administracións Públicas actuarán de acordo cos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia. Na exposición de motivos ou no preámbulo, segundo se trate, respectivamente, de anteproxectos de lei ou de proxectos de regulamento, quedará suficientemente xustificada a súa adecuación aos ditos principios*". Igualmente, dispón que consonte cos principios de necesidade e eficacia, "*a iniciativa normativa debe estar xustificada por unha razón de interese xeral, basearse nunha identificación clara dos fins perseguidos e ser* ***o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución***", en virtude do principio de proporcionalidade, a iniciativa que se propoña deberá "*conter a regulación imprescindible para atender a necesidade a cubrir coa norma, tras constatar que* ***non existen outras medidas menos restritivas de dereitos, ou que impoñan menos obrigacións aos destinatarios***" e, por último, consonte co principio de eficiencia, "*a iniciativa normativa debe* ***evitar cargas*** *administrativas* ***innecesarias ou accesorias*** *e racionalizar, na súa aplicación, a xestión dos recursos públicos*". Cómpre polo tanto valorar adecuadamente as diferentes alternativas existentes para a consecución dos fins que se buscan e analizar polo miúdo as consecuencias xurídicas e económicas, especialmente sobre

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

a competencia, que se derivarán para os axentes afectados, así como a súa incidencia dende o punto de vista orzamentario.

Ademais, o proxecto de creación do instrumento financeiro que finalmente prospere, debería vir acompañado do estudo do cumprimento das obrigas establecidas na lei 9/2019 para as persoas titulares das redes de abastecemento para as que se deran unha serie de prazos e que tiñan que ver coa redución das perdas de auga das redes. En concreto, a DA segunda establecía un prazo máximo de dous anos para que as adminsitracións públicas responsables dos sistemas de abastecemento fixeran unha auditoría para cuantificar as perdas de auga e publicar a porcentaxe de perda da auga correspondente así como para aprobar un plan de actuacións para minimizar as perdas; a DA terceira establecía un prazo máximo dun anon (xa vencido) para que todas as persoas titulares de redes de abastecemento tiveran instalados contadores homologados de medición de consumo nos puntos de captación ou de subministro en alta e nos puntos de subministro final en alta ou en baixa; e a DA cuarta estableceu un prazo de tres anos para que as persoas titulares das redes de abastecemento adoptaran as medidas necesarias para garantir que as perdas de auga das redes se situaran como máximo no vinte por cento. Bótase en falta na memoria a descrición do estado actual de situación do cumprimento destas obrigas e dos traballos realizados neste ámbito neste periodo transcorrido dende a entrada en vigor da lei 9/2019.

En calquera caso, de prosperar a opción de modificar o canon da auga e introducir na súa estrutura o gravame das perdas nas redes, cómpre facer as seguintes observacións:

1) Debería modificarse o artigo 2 da lei para incluír o suposto das perdas de auga nas redes de subministro nos conceptos de usos da auga, como un uso diferenciado, xa que non encaixa ben nin nos usos domésticos nin nos non domésticos, así como de usuarios da auga. Igualmente entendemos necesario modificar o artigo 43 para incluír o suposto do gravame das perdas no obxecto do tributo.

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2) En consonancia coa modificación do artigo 45.1, deberíase modificar tamén o apartado 1 do artigo 46, de xeito que se inclúa ao final "*así como a perda de auga nas redes de abastecemento*".

3) O apartado 1 do artigo 48 establece qeu constitúe a base impoñible "*o volume real ou potencial de agua utilizada uo consumida en cada mes natural, expresado en metros cúbicos*". No entanto, no suposto das perdas, a base impoñible compútase no ano natural, motivo polo que deberá introducirse neste artigo esa excepción.

4) Se non entendemos mal, as perdas poden producirse na rede entre a captación e o primeiro subministro (que poderá ser en alta ou en baixa) pero tamén pode producirse na rede entre os ubministro en alta e o subministro en baixa. Se isto fora así, deberá corrixirse o apartado 3 do artigo 49 do xeito seguinte: "*3. No caso de perdas de auga en redes de abastecemento, o volume será a diferenza entre o volume captado ou subministrado en alta e o volume de auga subministrado* ***en alta ou*** *en baixa, sexa ou non obxecto de facturación, incluídos os consumos propios da entidade subministradora, medidos ambos volumes por contador, expresado en metros cúbicos.*". De non ser así e estar excluídas as perdas da auga entre a captación e o primeiro subministro desta en alta de producirse, non se entende a referencia as letras a) e b) no 45.1 segundo a redacción proposta. E de ser así, debería tamén modifcarse o apartado 2 da disposición adicional cuarta da lei 9/2019, para adaptar a definición de perdas a isto.

5) A perda de auga na rede prodúcese de modo continuado no tempo. O período impositivo é o período de tempo no que se encadran as obrigas tributarias co respecto a devengos impositivos sucesivos no tempo e ao que se referencian normalmente dun xeito homoxéneo tódolos factores determinantes da débeda. No anteproxecto de lei, determinado o devengo como o momento no que se realiza o uso ou consumo e establecido que o cómputo da base impoñible é anual, e, posto que o tipo de gravame non é progresivo senón fixo, a determinación dun período impositivo non é necesaria, ao igual que non se contempla no canon da auga. Por este motivo, e ao igual que se fai para o resto do canon e por manter unha

CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

homoxeneidade na súa estrutura, o que debe regularse pola norma son os períodos de liquidación e de autoliquidación, o que conviría que se fixera na sección dedicada ás obrigas dos obrigados tributarios, mediante a modificación do artigo 65. Por ese motivo, debera eliminarse a modificación do artigo 51. Remitímonos ao sinalado máis abaixo sobre o artigo 65.

6) O contido do apartado 2 do artigo 61 debería incluirse no artigo 48, que é onde se inclúe a regulación dos contadores, para os outros usos da auga gravada polo canon.

Por outra banda e, en consonancia co sinalado no apartado 4) anterior, se non entendimos mal e se pretende gravar a perda da auga en calquera punto dende a súa captación do medio e os usuarios finais, con independencia das etapas de subminsitro que se fagan entre eses dous puntos, deberíase modificar o artigo 61 bis, do xeito qeu se sinala:

"*61 bis.- Perdas de auga nas redes de abastecemento*

A cota determinarase mediante a aplicación *dos seguintes tipos de gravame a cada tramo de porcentaxe que representan as perdas determinadas de acordo co indicado no número 3 do artigo 49 en relación co volume total de auga captada ou subministrada en alta* ***ou en baixa****.*

% Volume de perdas	*Tipo de gravame*
Menor ou igual ao 20%	*0,00 €/m^3*
Maior do 20%	*0,29 €/m^3 "*

7) Consonte co artigo 8 LXT, debe conterse na lei a obriga de presentar declaracións e autoliquidacións referidas ao cumprimento da obrigación tributaria principal de pagamento do tributo e, de ser o caso, a dos pagamentos a conta. A este mandato obedece a inclusión do apartado 3 no artigo 65, que suxerimos redactar do seguinte xeito:

"*3. As persoas titulares das redes de abastecemento veñen obrigadas a declarar dentro dos tres primeiros meses de cada ano natural o volume total captado ou procedente de subministro en alta e o volume total subministrado no ano natural inmediato anterior, incluídos os consumos propios, no lugar e forma e segundo os modelos e de conformidade coas instrucións que se aproben regulamentariamente. Augas de Galicia liquidará o canon da auga pola modalidade de perdas de auga nas redes de abastecemento aos suxeitos*

Xacobeo 21·22
CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

pasivos en calidade de contribuíntes consonte coa lei xeral tributaria e as súas normas de desenvolvemento."

Para estes efectos entendemos que deberá fixarse o momento do tempo ao que deben referirse as lecturas dos volumes (pode ser a 31/12 de cada ano ou a 1 de xaneiro de cada ano) pero isto podería facerse na norma regulamentaria. O que si debería incluirse na disposición relativa á base impoñible é que o volume anual enenderase distribuído de xeito lineal ao longo do ano natural.

Por último e ao igual que sinalabamos máis arriba, debe terse en conta que a LXT establece os principios e as normas xurídicas xerais do sistema tributario español e será de aplicación por parte de todas as administracións tributarias en virtude e co alcance derivado do artigo 149.1.1º,8º, 14º e 18º da Constitución Española. Na LXT non se contempla como declaración extemporánea a presentada incumprindo a obriga de facelo de xeito electrónico senón que esta conduta é tipificada como unha infracción tributaria e sancionada no artigo 199 LXT. Por este motivo, deberá eliminarse do apartado 4 do artigo 65 a frase "*No caso de que algún contribuínte ou substituto (...) na que sexa realizada esta subsanación.*" do primeiro parágrafo.

Entendemos aconsellable que se inclúa un apartado no artigo 65 coa redacción seguinte:

"*5. A consellaría competente para a aplicación do canon da auga poderá dispor que as declaracións e autoliquidacións del se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, de ser o caso, se aproben. Así mesmo, poderá exixir a obrigatoriedade da súa presentación e o aboamento mediante medios telemáticos.*"

8) Sendo esta modalidade de gravame liquidada anualmente por Augas de Galicia e tendo a lei 9/2019 establecido un prazo de 3 anos dende a súa entrada en vigor para que o Consello da Xunta presente un proxecto de lei coa regulación do gravame, prazo anudado ao prazo dado ás persoas titulares das redes de subministro para adoptar as medidas necesarias para garantir que as perdas de auga se situaran nun máximo dun 20% e que vencería o 11/01/2023, aconsellamos que, aínda que a entrada en vigor das disposicións desta modalidade de tributación fora o día seguinte á entrada en vigor da lei, se estableza unha moratoria para a aplicación do gravame e que se determine para o ano natural que comece trala

Xacobeo 21·22
CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Rúa Pastoriza 8, 3º e 4º planta
15781 Santiago de Compostela
direccion@atriga.es
www.atriga.gal

entrada en vigor da lei, que podería ser o ano 2023.

9) Por último, cómpre incluír tanto na memoria xustificativa como na memoria económica a correspondente xustificación da proposta e o estado de situación das perdas nas redes, tal e como se sinala máis arriba, e tamén a recadación esperada por este gravame así como o número de contribuíntes afectados.

Modificacións no canon da auga

Por último, o anteproxecto introduce unha serie de modificacións no canon da auga.

A modificación do artigo 57 debe desdobrarse en dúas modificacións, por unha banda, deberase modificar o artigo da base impoñible e, pola outra, o artigo correspondente á cuantificación da cota, é dicir, o artigo correspondente ao tipo de gravame. Deste xeito, deberase incluír no apartado 1 do artigo 48 a formulación da base impoñible (a redación dos apartados 5 e 7 propostos para o artigo 57) e deberá revisarse a redacción do apartado 2, para acomodar a dispoñibilidade de contadores da producción á determinación en estimación directa da base impoñible. Suxérese:

> "*5. Os tipos de gravame variables polo uso da auga para á produción hidroeléctrica serán:*
> *a) para os usos da auga para á produción hidroeléctrica mediante o seu turbinado directo: 0,00041 €/kWh.*
> *b) nas instalacións hidroeléctricas de bombeo aplicarase 0,000103 €/m^3 de auga bombeado desde o dominio público hidráulico cara os embalses.*
> *Deberase facturar de forma diferenciada as partes da cota variable derivadas de cada un dos supososotos especificados nas letras anteriores.*"

Polo que respecta á modificación do artigo 65 remitímonos ao sinalado no apartado anterior.

Cómpre sinalar que na memoria económica non se cuantifican as modificacións introducidas no canon da auga, sinaladamente as correpondentes aos usuarios específicos pola produción de enerxía. Deberase corrixir a memoria nese sentido así como xustificar a necesidade de facer este cambio.

A directora da Axencia Tributaria de Galicia

Asinado electrónicamente

Xacobeo 21·22

Asinado por: GONZALEZ VAZQUEZ, MARIA VICTORIA
Cargo: Directora
Data e hora: 13/08/2021 12:03:53
CVE: hsXY5s1ND8
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve